



Avisos

Información sobre o último Pleno (25 de abril de 2013).

Nun dos puntos do día ía incluída a información sobre a Liquidación do ano 2012 que nos comprace informar que foi positiva. A contabilidade do Concello reflexa que non se gastou máis do recadado, é dicir, que Boimorto está saneado e continua polo bo camiño. Neste mesmo sentido gustaríanos anunciar tamén o resultado económico positivo da Residencia que nos primeiros 9 meses de funcionamento obtivo un beneficio de máis de 4.000 €. Esta cifra pode parecer pequena, pero hai que ter en conta que se trata dun servizo que está empezando e que non se pretende que dea beneficios, senón que se intenta que se manteña por si só.

Noutra orde de cousas, tamén foi aprobado neste pleno as subvencións para o transporte a estudar fóra do Concello e a subvención de natalidade. O prazo para solicitálas abrírase aproximadamente dentro de mes e medio. No caso do transporte teremos 15 días para solicitálo e no da axuda á natalidade poderase facelo ata o 30 de novembro de 2013.

No próximo Boletín contamos con poder dar máis datos sobre estas axudas.

Emprego - Rede Xiana 2

PROCESO DE CAPTACIÓN E

SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS

Accións Formativas: (Sede Concello de Boimorto)

- Produtor/a hortalizas ecolóxicas
- Actividades auxiliares en agricultura

Accións complementarias e Transversais:
Obradoiros de Empregabilidade.
Habilidades sociais e comunicativas.
Alfabetización informática: internet.

Responsabilidade social. Procura de emprego e novas tecnoloxías. Apoio preparación probas competencias clave. Sensibilización ambiental. Non discriminación e exclusión social. Condución económica eficiente. Manipulación de alimentos. Prevención de riscos laborais. Medio ambiente na agricultura.

*Requisitos:

- Estar inscritos/as na Oficina de Emprego coa tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada.
- Ter cumpridos os 18 anos de idade. Estar empadroadado no Concello de Boimorto.
- Cumprir os requisitos de formación adscritos a cada unha das accións formativas.

***Inscripcións:** No Concello de Boimorto a través da técnico emprego **en horario de 9 a 14:30 ata o 10 de maio** de 2013.

Cultura

* EXCURSIÓN A PORTUGAL.

O próximo 11 de maio excursión a Portugal para todos/as os/as veciños/as de Boimorto.

Sairemos do Campo do Rosario ás 08:30 facendo unha paradiña na viaxe para almorzar. Visitaremos o santuario do **Bom Jesus** e a continuación iremos a outro santuario, o de **Sameiro** que se atopa a 10 minutos deste. Alí faremos a parada para xantar.

Despois dunha **comida típica portuguesa**, onde non faltará o bacallao dirixirémonos á **Fortaleza** onde faremos parada ata as 19 horas que será a hora de regreso a Boimorto. O prezo da excursión, que inclúe almorzo, comida e viaxe é de 25€.

Anotarse no Concello ou no Centro de Maiores.

Esperámosvos a todos.

* EXCURSIÓN ÁS PÍAS

O luns 20 de maio excursión ás Pías. Desde o centro de maiores sairemos cara ás Pías para asistir a unha misa e despois quedaremos a xantar no mesón O Real. Todo polo prezo de 10 euros. Para anotarse no centro de maiores (981 51 65 20) ou no Concello (981 51 60 20).

Deportes

* **APRAZADA A I RUTA DE SENDEIRISMO "Descubre Galicia"** por mor do mal tempo. Realizarase para o vindeiro domingo 5 de maio. Mesma hora e mesmo lugar (10:00 - Igrexa Corneda).

* **II RUTA DE SENDEIRISMO: "Descubre Galicia"**. 2ª ruta que nos amosa e nos leva pola riqueza dos lugares do noso concello. **Día:** domingo 2 de xuño de 10:00 a 14:00. **Ruta:** (circular, 15 km aprox. Dificultade media). O sitio de partida informárase no momento de anotarse, faremos un percorrido por diversas parroquias do mesmo, regresando ó mesmo punto de partida. **Recomendacións:** calzado cómodo, gorra, chubasqueiro, calcetíns de repostado, levar comida e bebida (tentenpie). **Inscripcións:** ata o día 31 na casa do concello. Mínimo 10 participantes. Actividade gratuíta.

* **FESTA FIN DE ACTIVIDADES INFANTÍS:** As **escolas deportivas** do Concello de Boimorto celebran o **31 de maio**, a festa de fin de curso 2012-2013. Será no pavillón polideportivo municipal a partir das **16.30 horas**. A festa ofrecerá **merenda e diplomas** acreditativos ós participantes. Haberá **demostracións** do aprendido durante o curso. Tanto nenos como familiares (pais, avós, tíos, primos, amigos...) poderán **achegarse** a disfrutar: vendo, xogando e aprendendo das distintas modalidades deportivas levadas a cabo durante o ano. Achegádevos!!

Esta fin de curso non supón o remate de actividades, pois estase xa a traballar na programación de verán con propostas variadas e adaptadas á estación!!

* **Carné de Socio: Uso da Piscina e do Ximnasio:** xa está en marcha a campaña de actividades de verán, á que vos podedes anticipar solicitando na Casa do Concello o **carné de socio** que dá acceso á **piscina, ximnasio** e a calquera das **actividades deportivas** que se organicen. Asemade tamén dará **acceso gratuíto a wi-fi** no local da antiga cámara agraria, onde se pretende habilitar unha aula para tal fin. A que esperas!! Anticípate ó verán!!

Carné individual	10 € anuais
Carné familiar	20€ anuais

***CAMPAMENTOS: "CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2013"**, a *Deputación da Coruña* concedeu ó noso concello 3 prazas para participar no campamento que se levará a cabo no Colexio Calvo Sotelo da Coruña, en quenda do 7 ó 13 de xullo. Inscricións ata o 16 de maio. Máis información: Casa do Concello.

* **BADMINTON - TORNEO INTERCOMARCAL:** o pasado 27 de abril disputouse no colexio Júnors de Santiago a fase intercomarcial de bádminton, que daba acceso á clasificación para a fase provincial, na que os alumnos das escolas deportivas municipais do Concello aparte de disfrutar dunha xornada deportiva, divertida e entretida, acadaron os seguintes bos resultados: 2ª (medalla prata) e 4º posto en categoría benxamín fem., 4º e 5º posto en categoría benxamín masc. e 4º posto en alevín fem.

***TIRO CON ARCO:** o próximo 25 de maio os arqueiros do concello de Boimorto participarán no Torneo de Vimianzo. No pasado torneo que se organizou en Coristanco, os representantes do noso concello obtiveron os seguintes resultados: en categoría Esquíó 1º posto con diferenza de 193 ptos. sobre a 2º clasificada, en categoría Cadete un 4º e 6º. O día 20 tivo lugar en Toques a final da II Liga Adarve de Equipos, obtendo un 2º e 5º posto.